
OCULTOS

Textos de XULIO GUTIÉRREZ

Ilustracións de NICOLÁS FERNÁNDEZ

Encadernado en cartón. 24 x 34 cm. 32 páx. 16 €

Ocultos (galego)

ISBN 978-84-15250-41-8. Faktoría K de Libros. Ciencia.

Ocultos (castelán)

ISBN 978-84-15250-42-5. Faktoría K de Libros. Ciencia.

Ocultos (portugués)


ISBN 978-989-8205-92-6. Faktoría K de Livros. Ciencia.

Uns viven ocultos nos lugares máis recónditos do ecosistema, outros camúflanse co contorno, outros intentan parecer o que non son e todos son especialistas que conseguen sobrevivir enganando os seus depredadores ou as súas presas...

Na natureza todo está en cambio perpetuo. As especies evolucionan mediante a selección natural para adaptarse ao ecosistema no que viven. Pero antes ou despois, o ecosistema tamén cambia e, como consecuencia, algunhas especies -antes moi ben adaptadas- son incapaces de sobrevivir no novo ambiente e acaban extinguíndose. Mentres, outras máis versátiles ocupan o seu lugar e comezan outra etapa de adaptación ás novas condicións.

Nos ecosistemas máis intrincados, como selvas e arrecifes de coral, proliferan animais capaces de ocultarse no contorno. A evolución destas especies favoreceu a produción de adaptacións que lles permiten pasar desapercibidas.

Despois de “Bocas”, “Nacer” e “Construtores”, “Ocultos” céntrase -coas súas soberbias ilustracións- nalgúns dos máis espectaculares exemplos de camuflaxe e mimetismo. En próximas entregas da colección ‘Animais extraordinarios’ amosaranse as viaxes máis longas e os sentidos máis agudos.



-
- **Temática:** libro de animais e natureza.
 - **Idade recomendada:** a partir de 7 anos.
 - **Aspectos destacables:** da serie ‘Animais extraordinarios’, xunto con “Bocas”, “Nacer” e “Construtores”; ilustracións artísticas de gran realismo; textos asequibles para todas as idades; descrición de cada animal, información da súa vida, hábitat e estado de conservación; inclúe anexo final con fichas de cada un e glosario; lista de especies: xaguar, lebre ártica, preguiceiro, abetouro, camaleón, serpe falsa coral, ra frecha, solla, peixe sapo, insecto par e insecto folla, bolboreta do bidueiro, polbo.
-

Xulio Gutiérrez

É profesor do IES de Pobra do Caramiñal (A Coruña). Pertence á Sociedade Galega de Educación Ambiental, creada en 2001 para unir o traballo de profesionais de diversos eidos comprometidos coa educación ambiental. É autor de máis dunha vintena de libros sobre natureza e numerosos artigos en revistas especializadas.

Nicolás Fernández

Ilustrador de natureza autodidacta afincado na Coruña. A maioría dos seus traballos son acuarelas e bosquejos de fauna e flora, especialmente aves. Publicou dous libros como autor: “Guía de campo de Ila Comunità Valenciana” e “Espacios Naturales de la Comunità Valenciana”. Tamén traballou como ilustrador para distintas publicacións, enciclopedias, organismos oficiais, libros, xornais e revistas. A súa obra expúxose en salas de toda España. Compaxina o seu traballo como ilustrador co deseño gráfico e multimedia, actualmente nunha empresa de xestión ambiental. www.ilustracionesnaturaleza.com